



PROXECTO

LECTOR

DE

CENTRO

I.E.S. SAN ROSENDO

MONDOÑEDO

1.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO.

1.1. – PRÁCTICAS LECTORAS E ESCRITORAS DO ALUMNADO.

Para contar con datos obxectivos, elaborouse unha enquisa (adxúntase no anexo I) que cubriu todo o alumnado do centro. Tamén se fixo unha consulta a todo o profesorado para que indicase cales consideraba que eran as carencias que detectaba no alumnado ao que impartía clase (anexo II).Os resultados obtidos permiten establecer que nunha parte importante do alumnado detéctanse estas dificultades:

- Dificultade na mecánica da lectura: silabeo, entonación, omisión das pausas e da acentuación sinaladas, confusión entre palabras semellantes.Estas carencias maniféstanse fundamentalmente na E.S.O. , noutras etapas redúcense considerablemente.
- Falta de vocabulario. Afecta a tódalas etapas.
- Falta de atención.
- Deficiente comprensión lectora. Consecuencia inevitable das anteriores dificultades.
- Escaso hábito lector. O número de alumnos que len é baixo e, en moitos casos, só len os libros de lectura obrigatoria.
- Dificultade para expresar o lido.
- Nula ou case nula capacidade de síntese.
- Gran atracción por literatura de baixa calidade.
- Pouca familiaridade coa cultura, en xeral, descoñecemento case total; incluso de acontecementos relativamente recentes.

1.2.- ACTUACIÓNS DOS ÚLTIMOS CURSOS PARA O FOMENTO DA LECTURA.

Dende o curso 2003-2004 veñen realizándose regularmente actividades deste tipo. Cada curso establecéronse unha serie delas para realizar ao longo de cada trimestre. Normalmente, soían ser concursos de resposta inmediata que contestaban durante o recreo e que se alongaban durante días, incluso semanas; sempre se tentou que pudiesen ou tivesen que consultar algunha fonte . Realizáronse xincanas nas que participou todo o centro con motivo dalgunha efeméride, concursos de contos partindo de imaxes ou dun inicio común para todos/as, exposicións sobre escritores cunha lista de preguntas encadeadas que tiñan que responder consultando os datos expostos, selección e envío de poesías, selección dun fragmento dunha obra especialmente destacada para o lector/a, información pública das novas adquisicións, aportar títulos de obras a cambio dun libro, completar poesías en distintos idiomas, ordenar un puzzle de poesías, etc. Máis ou menos nesta liña foi na que se traballou, sempre de forma lúdica e voluntaria, tentando de animar aos máis remisos. Tamén se fixeron actividades de formación de usuarios baixando os/as alumnos/as á biblioteca e traballando con eles/as.O curso pasado empezamos a participar no programa PROA co cal continuamos.

Con estas actuacións conseguíuse que o alumnado se achegara á biblioteca e integrase este espacio nas súas rutinas como un local que ofrecía actividades lúdicas atractivas para eles. A ampliación da sección de literatura xuvenil captou a atención do alumnado con hábito lector ,xa que amosaba bastante variedade, e atraxo certo número de lectores remisos que, fose pola moda , pola publicidade ou outros factores, se interesaron por obras concretas. Para a adquisición dos fondos de literatura xuvenil tivéronse en conta as suxerencias do alumnado. Efectivamente, isto dinamizou a biblioteca escolar. Sin embargo, atopámonos con que

valoran altamente este tipo de lecturas, pero non se acaba que deriven cara a autores clásicos, axeitados a súa idade, lóxicamente, e só sigan as modas marcadas, fundamentalmente, polo cine. A oferta da biblioteca tivo en conta aos/ás rapaces/as con necesidades especiais, pero hai que recoñecer que non se conta con material para tódolos casos. Canto ao alumnado inmigrante só temos dicionarios bilingües (árabe / español) . Parte del non estivo escolarizado no seu país de orixe polo que non comprende o árabe literario xa que eles utilizan unha variedade diferente. Isto dificulta atopar material axeitado na súa lingua . Teñen escaso dominio das linguas cooficiais para utiliza-lo que temos nelas. Ademais, debido a falta de escolarización, presentan unha importante carencia de coñecementos básicos o que non desperta neles ningún interese pola lectura.

Independentemente da biblioteca, ata o de agora non se seguiu no centro unha liña común destinada a fomentar a lectura e cada profesor/a adoptou as medidas que considerou oportunas para tal fin. As técnicas de estudio, en xeral, só se traballaron nas tutorías coa axuda da Orientadora. As cuestións relacionadas coa lectura ou a escritura consideráronse competencia dos/das profesores/as de Lingua. Consideramos que, se queremos paliar as deficiencias anteriormente citadas, teremos que consideralas competencia de todo o profesorado, sexa cal sexa a materia que imparte.

1.2. – RECURSOS MATERIAIS E HUMANOS.

1.2.1.- BIBLIOTECA ESCOLAR: INSTALACIONES.

A nosa biblioteca está situada na planta baixa dun edificio de máis de cincuenta anos. Accédese a ela pola porta esquerda da fachada principal que dá a unha especie de claustro pechado, en forma de L, orientado ao norte. Ó remate do primeiro tramo, está a entrada da sala da biblioteca. Antes de entrar, á dereita, hai un panel de cortiza e un buzón de suxestións. Á esquerda, un panel meirande para exposicións. A biblioteca está sinalizada cunha antiga placa, situada enriba da porta e cun cartel colocado nela, no que se indica o seu nome en árabe e en galego. A porta de entrada está decorada, por dentro e por fóra, con carteis de animación á lectura enviados pola Consellería, así como por outros realizados polo Departamento de Plástica.

A sala ten uns 89,7 metros cuadrados, con planta rectangular. É unha sala cunha altura grandísima e ventás de madeira (repetimos, de hai cincuenta anos) cunhas delgadas cortinas brancas que deixan entra-lo frío e a humidade dun patio sombrío ao que dan, permitindo que saia a pouca calor que os radiadores ofrecen. Existe un deshumidificador que palía, na medida do posible, esta situación. A luz é escasa, en parte polas circunstancias mencionadas derivadas da ubicación da sala e, en parte, porque a luz artificial procede duns tubos fluorescentes colocados a demasiada altura e sen pantallas que impidan que a luz escape cara arriba. Esta situación dificulta a distribución do mobiliario, xa que non se poden colocar armarios diante das fiestras porque empeorarían a iluminación, xa de por si escasa.

Tres paredes están ocupadas por andeis de diferentes formas e alturas, así como o centro da sala, ao longo do que se sitúan os de menor altura. Necesítase todo ese espazo para colocar a inxente cantidade de fondos existente no centro e as novas adquisicións que se están a realizar para actualizalos mesmos. Contamos cunha pequena aula nun dos antigos locais adicados a talleres (no seu inicio este foi un Instituto Laboral) que se encontran a cada lado do xardín que hai fronte á fachada principal. É onde se acumulan en caixas os fondos que non teñen cabida na sala da biblioteca. Aquí acumúlase, tamén, mobiliario en desuso. É humido, sen o debido aislamiento dada a súa función inicial. A biblioteca ten capacidade unicamente para uns 18 alumnos/as, o que limita o seu uso.

Hai cinco ordenadores con conexión a Internet a disposición do alumnado. A carencia de material informático suficiente e actualizado mingua as posibilidades de consulta e búsqueda de información do alumnado que, en bastantes casos, tampouco ten no seu fogar.

Temos un pequeno monitor de televisión con reprodutor de DVD incorporado que é utilizado por profesores con grupos reducidos, xa que, como mencionamos anteriormente, a sala non ten capacidade para grupos algo numerosos.

1.2.2.- USO E FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

Actualmente, a sala da biblioteca está adicada, fundamentalmente, ao seu fin. Sirve de lugar de estudo e consulta no tempo de lecer, momento no que, normalmente, se realizan os empréstitos e devolucions. Tamén hai profesores que a utilizan, senón habitualmente, si de cando en vez, para imparti-la clase, segundo necesiten do material que esta lles pode ofrecer.

O grupo de traballo que se formou no curso 2003-2004 para afronta-la tarefa de mellora-la biblioteca, escolleu a Clasificación Decimal Universal como sistema de catalogación, establecendo certas adaptacións que axilizaban e facilitaban a xestión. Estas adaptacións afectaron fundamentalmente ao apartado de lingüística e literatura nas diversas linguas, de xeito que substituímo-lo código numérico que na C.D.U. se refire ás linguas, por outro alfabético.

Utilizámo-lo programa MEIGA, que a Consellería de Cultura amablemente nos enviou, para a informatización dos fondos. Tamén nos serve como libro de rexistro.

Consideramos que o material informático da biblioteca debería mellorarse e ampliarse para que un meirande número de alumnos/as teña acceso a el, porque hai que ter en conta que moito alumnado vive na zona rural e non posúe material deste tipo ou non pode conectarse a Internet, sexa pola falta de medios económicos, sexa pola ubicación das súas aldeas. Este é un centro con poucos recursos económicos e, aínda que se solicita material regularmente, non chega o suficiente para facer fronte a estas carencias.

A encargada da biblioteca dispón de oito horas semanais para a atención da mesma. Cada ano, o equipo directivo ten en conta o profesorado con meirande liberdade horaria e desexo de colaborar na biblioteca. No presente curso, ademais da encargada da biblioteca, hai outros dous colaboradores: un, con catro horas de adicación, e outro, con tres. Este grupo, xunto coa vicedirectora, forma o Equipo da Biblioteca que se vén reunido periódicamente, unha vez por mes.

A primeiros de curso, a encargada propón un orzamento que, unha volta aceptado polo Equipo Directivo, é aprobado polo Consello Escolar. Esta suma adícase a adquisición de novos fondos e á compra de material funxible necesario para as actividades de animación á lectura e información e formación de usuarios/as. Tamén se elabora a programación de actividades a realizar ao longo do curso que se inclúe na Programación de Centro.

No R.R.I. do centro recóllense os criterios e forma de realiza-los préstamos, así como outros aspectos organizativos do centro. Este documento inclúe os seguintes puntos:

- 1.- O préstamo e devolución dos libros efectuaranse durante o tempo de lecer.
- 2.- Os usuarios/as poderán levar prestados ata un máximo de dous libros por un período de quince días e de dúas películas por un período de cinco días. Ao remate deste período. Poderase renovar, por outros sete días, un libro ou, por dous días, unha película.
- 3.- Durante o tempo de lecer, sempre permanecerá aberta para todo o alumnado que debe permitir a lectura e o traballo doutros usuarios/as.
- 4.- As funcións do profesor responsable da biblioteca son

* Vixia-lo cumprimento das normas básicas de comportamento nunca biblioteca.

* Entregar aos alumnos/as aqueles libros que lle soliciten e garda-los ao remate do período lectivo.

* Anota-los empréstitos e devolucións.

5.- Os/as alumnos/as terán á súa disposición durante o período de lecer o uso do ordenador do alumnado, sempre en presenza do profesor de garda. Para isto deberán apuntarse nunca lista e poderán usa-lo un máximo de quince minutos. Terán preferencia os alumnos/as que o necesiten para facer traballos.

6.- Non se utilizará a biblioteca como un lugar onde mandar aos amoestados, salvo necesidades especiais ou de utilización de recursos disponibles nesta.

7.- O extravío ou non devolución dun exemplar carrexará, por parte do beneficiario do empréstito, a reposición dun novo exemplar do libro extraviado ou facerse cargo do custo económico doutro libro de valor equivalente. A negativa á reparación do extravío ou a non devolución será motivo de posibles sancións segundo este regulamento, será considerada conducta gravemente perjudicial para a convivencia no centro.

8.- Non se poderá comer nin beber na biblioteca e os xogos a desenvolver serán os permitidos polo profesor de garda.

9.- Os libros, instalacións e mobiliario serán obxecto de coidado, podendo o equipo directivo do centro esixir unha compensación económica polos danos causados nos mesmos.

10.- Existe unha caixa de suxestións na que se pode solicitar a adquisición de libros, películas, revistas ou propoñer actividades.

11.- Existirán normas puntuais de uso interno exclusivo desta dependencia que estarán exportas ó público na mesma.

Dende o curso 2003-2004 estanse a realizar actividades de fomento da lectura nas que os/as alumnos/as participan durante o período de lecer.

1.2.3.- ACTUACIÓNS DO ÚLTIMO CURSO PARA A ORGANIZACIÓN E DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.

Canto á organización, continuamos coa catalogación e informatización da inxente cantidade de fondos que ten e que, afortunadamente, se siguen incrementando. Procedeuse a colocación de etiquetas indicando a C.D.U correspondente, nas seccións organizadas e rematadas. Procedeuse ao expurgo de cada sección polos integrantes do Departamento que lles competía. Esta tarefa aínda está por rematar ao igual que a colocación de toda-las etiquetas sinalizadoras.

Continuamos a participar no programa PROA , publicitamos e preparamos actividades de animación á lectura que sigan mantendo o interese daqueles que xa son lectores asiduos e que atraigan a algún outro, creóuse o Club de Lectura, adquirense fondos tendo en conta os gustos que manifestan directamente ou por medio do buzón de suxestións, dáselles información puntual de todo o novo material adquirido, facilítaselles o contacto con escritores/as que lles interesan, etc.

1.2.4.- HORARIO.

A biblioteca está aberta e atendida durante todo o período lectivo. Non abre en período extraescolar.

1.2.5.- BIBLIOTECA E COMUNIDADE EXTRAESCOLAR.

A biblioteca colabora coas actividades que convoca a Biblioteca Pública Municipal, dándolles publicidade e animando ao alumnado a participar nelas.

Polo dagora, non hai outro tipo de colaboración coa comunidade extraescolar.

2.- OBXECTIVOS, ACTIVIDADES, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.

2.1.- OBXECTIVOS.

- Comprende-la importancia de entender un texto.
- Crear e manter o hábito lector.
- Ampliar e enriquece-lo vocabulario.
- Mellora-la comprensión lectora e a expresión lingüística.
- Captar as ideas principais de textos de diferentes tipos.
- Aprender a sintetiza-lo contido dun texto.
- Mellora-la ortografía reflexionando sobre a importancia da memoria visual.
- Mellora-la mecánica da lectura.
- Valora-la importancia dos signos de puntuación e, en consecuencia, da entoación que se lle debe dar a un texto para poder entendelo axeitadamente.
- Utiliza-la lectura como fonte de pracer.
- Utiliza-la lectura como fonte de información en calquera soporte.
- Desenvolver un sentido crítico respecto aos textos lidos.
- Fomenta-la participación en todo tipo de actividades de fomento da lectura.
- Asistir a representacións de teatro.
- Fomenta-la participación nas actividades propostas polo Equipo de Normalización Lingüística.
- Participar no Plan PROA.
- Forma-lo alumnado como usuarios da biblioteca.
- Informa-lo alumnado sobre os fondos de cada materia existentes na biblioteca.
- Forma-los na localización dos mesmos.
- Informar sobre os recursos culturais do entorno.
- Utiliza-la páxina web do centro para consultas e/ou como elemento de traballo.
- Participar en proxectos lingüísticos.
- Participar en proxectos europeos.

2.2.- ACTIVIDADES.

Estas actividades son unha proposta aberta susceptible de ser cambiada, ampliada, reducida ou substituída segundo o criterio do profesorado.

- Establecemento dun tempo semanal en cada materia adicado á lectura de textos de calquera tipo.
- Fomento da participación no Club de Lectura “As mil e unha historias”.
- Realización de outras actividades de fomento da lectura: concursos diarios, entrevistas con escritores, actuacións de contacontos, etc.
- Participación na elaboración da revista “O son da Paula”.
- Participación en concursos literarios co gallo dalgunha celebración.
- Participación en intercambios lingüísticos.
- Participación en proxectos europeos.
- Elaboración de resumos e esquemas da materia correspondente.
- Elaboración de dicionarios de materia.
- Realización de exercicios de discriminación no caso de posibles confusións de palabras.
- Reflexión sobre o texto lido: entoación, vocabulario, etc.
- Fomento da expresión persoal á hora de expresarse fronte á “reproducción” do texto.
- Valoración da expresión escrita e da ortografía.
- Utilización de diferentes fontes de información en diferentes soportes.
- Oferta de exemplos de lectura axeitada.
- Elaboración de guías de lectura.
- Elaboración de fichas de lectura en calquera soporte.
- Información sobre webs interesantes.
- Proposta de lecturas (relacionadas ou non coa materia).
- Utilización da páxina web do centro como instrumento para obter información e como instrumento de traballo.
- Adaptación de lecturas para alumnado emigrante.

2.3.- FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN.

Parte das anteriores actividades poden realizarse na aula, parte na biblioteca, parte no salón de actos (pola capacidade da sala) e algunhas en calquera dos dous primeiros espazos. Estas actividades, repetimos, son unha proposta a partir da que o profesorado seleccionará as que considere máis axeitadas para o seu caso. Consideramos moi importante que, utilídense as actividades que se utilicen, estas sirvan para mellora-la expresión escrita e a comprensión lectora. Intentaremos crear novos lectores, pero non hai que esquecer-los que xa teñen hábito lector porque é necesario manter o seu interese pola lectura amosándolles novas posibilidades que lles resulten atractivas.

Segundo a liña marcada ata agora, as actividades de fomento da lectura, entre as que está o Club de Lectura, seguirán sendo voluntarias. Dentro das de fomento da lectura, as referidas ao contacto con escritores/as ou as actuacións de contacontos son obrigatorias.

Canto ao tempo adicado á lectura na aula, cada Departamento será o que decida segundo as opinións e horarios dos seus integrantes, canto tempo, cando, con que tipo de lecturas e donde se realizará. A biblioteca poñerá a súa disposición material axeitado en diferentes soportes

para a realización desta actividade, así como o propio espazo físico por se se considera máis estimulante para acadar o ambiente lector desexado. O material informático do que dispón a biblioteca estará sempre ao seu servizo. Queremos que a biblioteca sexa un espazo vivo, non un simple almacén de fondos, que sexa atractiva e agradable para o alumnado e que lle ofrezca materiais interesantes. Tamén tentaremos que sexa un elemento compensador e que aqueles que non podan obter material necesario para o seu traballo, teñan a posibilidade de acadalo na biblioteca.

Do mesmo xeito, consideramos que é importante que coñezan os recursos que posúen ou se realizan na súa vila (biblioteca municipal, actos culturais...) para que podan utilizalos ou asistir.

Para a realización destas actividades pensamos que a metodoloxía máis apropiada será a que sexa participativa, a que parta dos coñecementos previos do alumnado, a que fomente a reflexión e estimule a autonomía do mesmo.

A coordinación do Proxecto será competencia da persoa encargada da biblioteca escolar que conta coa implicación do profesorado ao que informará sobre o Proxecto en si para a súa posta en marcha, tamén sobre os recursos dispoñibles para o desenvolvemento do mesmo, asesorará, na medida do posible, na resolución de problemas que podan xurdir ao longo da súa aplicación e difundirá calquera información que poda mellora-la aplicación do Proxecto. Para a súa elaboración tívose en conta a opinión do profesorado, así como as programacións de curso de cada Departamento e a información que se obtivo do alumnado. O Proxecto difundirase entre o profesorado utilizando Claustros, reunións da C.C.P. e, por suposto entregando a cada Departamento unha copia para a súa revisión e debate.

Contamos co Departamento de Orientación en tódolos casos, pero, sobre todo, para asesorarnos naqueles que presentan dificultades especiais e nos casos do alumnado inmigrante tanto para propoñer estratexias a seguir, como para coñecer materiais específicos que nos axuden.

3.- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.

Canto á avaliación, consideramos que debe abarcar dous aspectos:

a) O Proxecto:

Cómpre valora-los problemas que se atoparon ao aplicalo, o grao de satisfacción do profesorado co mesmo así como as sugerencias de mellora que podamos aportar entre todos.

Para levar a cabo esta avaliación, pensamos que a canle debería ser a C.C.P. na que os Xefes de Departamento, unha vez analizada a súa aplicación nas reunións oportunas, informarán sobre o mesmo.

b) Actividades:

b.1.- Voluntarias:

Nestas actividades valorarase o grao de participación do alumnado que

indicará a súa acollida. Terase en conta o horario, xa que se van a realizar no tempo de lecer e, polo tanto, interesa **manter** implicado a unha parte do alumnado que vai ser sempre a que máis participe nelas.

b.2.- Obrigatorias:

Nestas actividades valorarase a acollida, se o espazo no que se realizaron foi axeitado, se se acada ambiente lector, se se nota algunha mellora no traballo diario, etc.

Para obtermos estes resultados recurriremos a charlas informais co alumnado, enquisas, valoración da súa incidencia no rendemento escolar ou calquera medio que se considere axeitado para tal fin.

ANEXO I

CURSO:

Enquisa ao alumnado

Prácticas de uso da biblioteca escolar e de fomento da lectura.

1. Gústache ler?

- Moito
- Regular
- Case nada
- Nada

2. Canto tempo adicas a ver a televisión?

- Tódolos días un pouco
- Sobre todo sábados e domingos
- Só a veces e algúns programas
- Sempre que teño un rato libre

3. Cantos libros téns na túa casa?

- Menos de 5
- Entre 5 e 20
- Entre 20 e 50
- Máis de 100

4. Cantos membros da túa familia len habitualmente (especifica quen e que tipo de lectura: xornais, revistas, literatura...)

5. Os libros que les, xeralmente

- Cómpralos
- Regálanchos
- Soen ser prestados
- Cóllelos na biblioteca

6. Soes ir á biblioteca do concello ou da escola?

7. Tés o carnet da biblioteca do concello?

8. Con que frecuencia vas a biblioteca?

- Moi a miúdo
- A veces
- Case nunca
- Nunca

9. Soes rematar os libros que empezas a ler?

- Sempre
- A veces
- Case nunca
- Nunca

10. Canto tempo adicas á lectura diariamente?

- Menos dunha hora
- Dunha a tres
- Máis de tres
- Ningunha

11. Cita tres dos teus escritores favoritos

12. Cita tres dos teus libros favoritos

13. Á hora de ler, que tipo de libros che interesan

- De aventuras
- De misterio
- De ciencia ficción
- Poesía
- Outros (especificao)

14. Se estás lendo un libro actualmente, indica o autor e o título

15. Cita os tres últimos libros que liches
16. Líchelos polo teu propio interese ou para algunha asignatura?
17. Comentas con alguén os libros que les
- Sempre
 - Case sempre
 - Ás veces
 - Nunca
18. Que factor che inflúe á hora de comprar un libro.
- A portada
 - O resumo do libro
 - A opinión dos teus amigos
 - Outros (recomendado por teus pais, profesores,...)

Respecto do uso da biblioteca escolar

1. Utilizas os recursos da biblioteca escolar
- A cotío
 - Ás veces
 - Case nunca
 - Nunca
2. Dos servizos e posibilidades da biblioteca escolar, fas uso dos seguintes:
- Levar libros en préstamo
 - Seleccionar libros e outros materiais para facer traballos
 - Consultar internet
 - Ler (contos, novelas, poesía, cómics, xornais, revistas...)
 - Consultar dicionarios, enciclopedias e outros libros informativos
 - Facer uso dos materiais audiovisuais ou multimedia presentes no fondo
 - Participar nas actividades de fomento da lectura organizadas pola biblioteca
 - Outros...
3. Os materiais que máis utilizas son
- Libros de ficción
 - Libros informativos (enciclopedias, dicionarios, monografías...)
 - Revistas de divulgación
 - Xornais
 - Audiovisuais (diapositivas, vídeos, cassetes, CD-audio...)
 - Multimedia (CD-rom, DVD)
 - Internet
 - Xogos didácticos

ANEXO II

Para a elaboración do Proxecto Lector de Centro, agradecerímosvos que cubirades este folleto . Gracias.

Materia que imparte:

Carencias lectoras que detecta no alumnado:

